

Nesta data da celebración da palabra e obra de Manuel Rodríguez López, como cita anual, na XXIII edición. É un acto máis do *APOSTOLADO* do noso autor, que segue na súa labor, iniciada na súa xuventude, ao que con tan só quince anos inicia a súa formación autodidacta, indagando nos poucos medios e lugares que tiña ao seu carón, di *“os meus coñecementos das letras galegas, ó comezo son moi sinxelos, pero a forte chamada da Terra, fixo que pescudara por bibliotecas e librarías co añ de descubrir mestres da nosa lingua”*. Sendo un dos seus primeiros achádevos, a revista *“Vida Galega”*, e un dos colaboradores que máis lle chamou a atención foi Padre Rubinos, profesor do Colexio Belén da Habana, e así tivo referencias do Centro Galego da Habana, despois de escribirlle e recibir un fermoso libro *“A xesta de como América naceu da Melodía”*.

Estes son os inicios da formación do Apóstolo da Cultura Galega, que xa non deixou en toda a súa vida, a formación, traballo, compromiso, libre e transparente. Que segue con esa primeira obra, que por certo está de aniversario, cincuenta anos (1968-2018) **Poemas populares Galegos**. Estamos pois nos anos da súa labor de poeta, narrador e incansable articulista de prensa, con milleiros de traballos. Durante mais de trinta anos, ata que o apraza e pasa a esa nova dimensión do Alén, dende onde segue a ser ese APÓSTOLO referente que orienta e dirixe a continuación da súa obra.

No 1990, co motivo da inauguración da primeira Casa da Cultura de Paradela, réndenlles homenaxe aos poetas lucenses: Manuel María †, Paco Martín, Eloy Caldeiro, Xavier Rodríguez Barrio e o músico Alfredo González Vilela interpretando poesía do Poeta de Paradela, nun acto popular, ateigado de veciños e animado pola Banda de Paradela, que inter-

O apóstolo de Paradela

pretou varias pezas, entre elas o himno galego, dirixida polo director de Barrido, D. Pedro Rodríguez López.

Encetando así un resurxir de actos, que alentan a lapa do espírito do autor e xa non se detén, pois a interacción constante ao longo do tempo e abundosa nestes vinte e oito anos; basta achegarse a páxina web para ver a dimensión e repercusión da faceta que se está a producir.

Esta publicación que hoxe ve a luz, segue na pauta das anteriores, mais de oitocentos corenta traballos presentados, seguen a manter o nivel dos anos anteriores, o que acredita a estabilidade do certame no mundo cultural actual.

Agradecemento aos participantes e felicitacións aos gañadores, dun xeito especial a esa poeta novel, que acada o premio en poesía, acreditándose, que o noso certame é a canle axeitado para chegar aos poetas á sociedade.

Neste nadal cumpre Manuel oitenta e catro anos (11/12/1934) e digo cumpre, por que segue a estar entre nós, na súa faceta de apostolado.

Unha lembranza agarimosa para D. Xesús Alonso Montero, co motivo do seu noventa cumpre anos, persoeiro ao que agradecemos a súa colaboración no noso proxecto.

Bo Nadal e Bo ano 2019.

Paradela, Decembro 2018.

José Manuel Mato